



**ACTA NÚM. 02/2.015 DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 02 DE MARZO DE 2.015**

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e vinte minutos do día dous de marzo do ano dous mil quince, reúnen-se a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).

Non asiste o vocal:

- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.

Actúa como secretario, Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

**1. ACTA N° 1/2015 DE DATA 05-01-2015.**

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 1/2015 de data 05-01-15, considéranse aprobadas polos votos favorables da unanimidade dos membros presentes.

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PEDANÍA.**

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 31-12-2014 ata o día 25-02-2015, da que se entregou copia aos membros asistentes do grupo político do PP, quedando a Xunta enterada.

**3. DEVOLUCIÓN FIANZA A ENCE ENERGÍA Y CELULOSA, S.A., CORRESPONDENTE AO LOTE N° 2 (EXPTE N° 3603913400002) DA SUBASTA DE MADEIRA CELEBRADA POLA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO**

Visto a acta de recoñecemento, de data 17-12-2014, relativas ao devandito LOTE N° 2 (expediente: 3603913400002) de 1.740 pés de Eucalyptus globulus, cun volume de 966,65 m<sup>3</sup>, asinada polo axente forestal do Servizo Provincial de Montes da Consellería do Medio Rural, pola empresa adxudicataria dos referidos lotes, e polo Alcalde Pedáneo, na que se fai constar que recoñecido os devanditos lotes de corta e douscentos metros o redor NON se veñen de comprobar a existencia de danos, a Xunta Vecinal, por unanimidade, ACORDA:

Devolver ENCE ENERGÍA Y CELULOSA, S.A., adxudicataria do referido lote, a garantía definitiva consignada na conta desta entidade.



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

**4. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:**

**A) MOCIÓNS.**

Non se somete ningunha a coñecemento desta Xunta Veciñal.

**B) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente dá por rematada a sesión, cando son as quince horas e trinta minutos do día ut supra, levantándose esta acta da que eu, secretario, certifico.

